

## **MOCIÓN SOBRE PRAIAS PARA CANS**

PLENO 30 XULLO 2015. ACTA 14/2015

Cada día é maior a demanda de espazos na praia reservados para poder desfrutar dela cos cans. Por exemplo, no concello de Vigo, máis de 6.000 persoas asinaron unha iniciativa para demandar unha praia de cans; e no concello de Cangas vaise presentar no próximo pleno unha moción demandando a creación deste espazo.

Neste intre na provincia de Pontevedra só contamos cunha praia para cans, sita no Grove. Estes espazos son necesarios para a socialización canina e para garantir o benestar destas mascotas.

Contar con este tipo de espazo podería a maiores supoñer un beneficio para o concello, xa que atraería un tipo de turismo cada día máis en auxe: o turismo con mascotas; podendo aumentar o fluxo de visitantes ao noso concello provenientes dos concellos próximos, dada a carencia deste tipo de espazos.

Este tipo de espazos non debería causar ningún tipo de problema, sempre e cando os propietarios de mascotas teñan coidado e respecten as normas (recollida de excrementos, cans de razas "perigosas" con buceira agás no momento do baño...). Cada un debe saber como é o seu can e actuar en consecuencia para non molestar aos demais usuarios do espazo.

Dende AER queremos propor ao Concello dúas zonas: unha en Cesantes e outra en Chapela. En Cesantes propoñemos o tramo de praia comprendido entre o final do "novo" paseo ata a baixada dos "estaleiros". En Chapela, propoñemos a pequena cala situada entre os dous pantaláns do paseo de Cardona. Esta zona propuxéronnola usuarios da mesma e propietarios de mascotas.

**Por todo o anteriormente exposto propoñemos o seguinte acordo:**

**Instar ao goberno local a iniciar os tramites necesarios para declarar estes dous espazos como praias para cans.**

**VOTACIÓN E ACORDO.-**

*Sometido o asunto a votación, apróbase por maioría do concello Pleno, 15 votos a favor (9 do PP, 4 de AER, 1 do BNG. e 1 da concelleira non adscrita) e 6 abstencións ( 6 do PSdeGPSOE)*